

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Xan Xosé Jove González, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á proposición non de lei, doc. núm. 40165, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a creación polo Goberno galego dunha liña de axudas destinada a dotar as embarcacións dos medios e tecnoloxías necesarias para mellorar o proceso de evisceración co fin de reducir o risco de contaxio por anisakis, así como a realización dunha campaña de promoción ao respecto, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 11 de outubro de 2019.(10/PNC-003241)

### Emenda de Adición

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar unha campaña de información veraz, tanto nos medios públicos como privados, así como nas lonxas e puntos de venda, sobre os métodos de eliminación do parasito, co obxectivo de eliminar os prexuízos existentes.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda





# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

**Asinado dixitalmente por:**

**Xan Xosé Jove González na data 10/10/2019 12:46:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **50677 (10/PNC-004089)**, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 11 de outubro de 2019.

### Emenda de adición

Engadir os seguinte puntos:

“-Demandar que non se realice neste punto absolutamente ningún vertido máis.

-Reclamar un estudo sobre a situación deste depósito e o impacto que o mesmo pode estar causando nunha zona de tanta riqueza ecolóxica, pesqueira e ambiental.”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2019 17:35:36**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 17:35:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **55312 (10/PNC-004396)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co ditame emitido polo Consello Galego de Pesca en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento e do Consello Europeo para o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, que figura na orde do día da Comisión 8ª, prevista para o vindeiro 11 de outubro de 2019.

### Emenda de adición

Engadir un novo punto:

“Presentar no Parlamento, no presente período de sesións, un informe detallado cos motivos do baixísimo nivel de execución dos fondos FEMP por parte da Xunta de Galiza e as consecuencias, para os colectivos que terían que ser beneficiarios dos mesmos, por non telos executados.”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2019 17:18:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2019 17:19:04**



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-004475(56325)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reapertura do centro de Formación A Aixola, xestionado polo centro Tecnolóxico do Mar

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a reabrir o centro de formación Aixola coa oferta formativa axeitada. Para tal fin, continuará a realizar as xestións necesarias para a contratación do persoal docente e para a inscrición das persoas interesadas en facer os cursos, co obxectivo de que se reanuden as actividades o antes posible.”

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/10/2019 18:02:41**





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/10/2019 18:07:05  
Nº Rexistro: 57405  
Data envío: 10/10/2019 18:07:05.071**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 10/10/2019 18:03:36**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROx74zhgJY19  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea (**10/PNC-004089**) (**50677**) sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez

## Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme á normativa vixente e ás directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/10/2019 18:04:09**

**Jacobo Moreira Ferro na data 10/10/2019 18:04:34**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Soraya Salorio Porral, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (**10/PNC-004025**) (**49732**) sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

## Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo a implementación do Plan de Acción do Marisqueo Galicia 2030, co obxectivo de garantir a explotación sostible e conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais, co que se leve desde esta lexislatura e en adiante, unha recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino, e no que se inclúan, previo proceso de decisión mediante a cogobernanza co sector, as medidas a incluír e as mellores fórmulas de xestión para acadar unha recuperación progresiva de permex.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/10/2019 18:07:40  
Nº Rexistro: 57407  
Data envío: 10/10/2019 18:07:40.341**

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/10/2019 18:05:20**

**María Soraya Salorio Porral na data 10/10/2019 18:05:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSV: REXISTRO0uaA3qMkh1  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

